



Concello de Vilaboa

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL (PROGRAMAS DE CONTRATACION TEMPORAL PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO A TRAVÉS DE CONTRATOS PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E INSERCIÓN LABORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS DESEMPREGADAS E INSCRITAS NA OFICINA DE EMPREGO) PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VILABOA

1.- OBXECTO.-

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e baremo que se aplicarán na selección de "2 peóns forestais, 2 operarios/as de maquinaria forestal e 2 albaneis", conforme o previsto nas Bases reguladoras e convocatoria do Plan Mais Provincia Liña 3 para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 .

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios da Entidade e na sede electrónica do Concello de Vilaboa <https://vilaboa.sedelectronica.es/>

2.- RELACIÓN XURÍDICA DOS TRABALLADORES COA ENTIDADE SOLICITANTE DE PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO

Os traballadores estarán vinculados á entidade solicitante, mediante un contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos no texto refundido da Lei de Emprego (contratos vinculados a programas de activación para o emprego segundo a Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego), cunha duración de 10 meses a xornada completa, sempre e cando se poida contratar o 1 de marzo, xa que a data de finalización non se pode sobrepassar a data do 31/12/2025.

3- RETRIBUCIÓN

As retribucións serán o salario mínimo interprofesional (SMI).

4. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Os candidatos/as ás probas selectivas serán os remitidos nos listados da Oficina de Emprego, unha vez que o Concello presente a correspondente oferta de emprego.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo estenderanse no impreso normalizado de solicitude que se adxunta como Anexo I acompañado de copia do NIF ou documento de identificación equivalente e declaración xurada Anexo II e dirixiranse ao Sr. Alcalde, podéndose presentar no Rexistro Xeral do Concello (Toural 1, 36141, Vilaboa), vía electrónica a través do Rexistro electrónico da entidade (<https://vilaboa.sedelectronica.gal>), ou en calquera dos lugares establecidos no artigo en 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo que se estableza, na citación que reciba por parte da Oficina de





Concello de Vilaboa

Emprego, e na publicación do correspondente anuncio que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello (<https://vilaboa.sedelectronica.gal>), situado na sede electrónica.

Unha vez presentadas as solicitudes de participación publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello (<https://vilaboa.sedelectronica.gal>) a relación de persoas admitidas fixándose o lugar, data e hora para a realización da proba práctica.

5- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

Número de postos de traballo: 6

Clase: persoal laboral temporal.

Nivel de titulación mínimo esixido: ningunha.

Denominación dos postos: 2 peóns forestais 95431028, 2 operarios/as de maquinaria forestal 83221013 e 2 albaneis 71211015

Xornada: a tempo completo

Duración: 10 meses, sempre e cando se poida contratar antes do 1 de marzo, xa que non se pode sobrepasar a data do 31/12/2025.

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

As persoas aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan e que están en condición de acreditarlos, unha vez superado o proceso selectivo, antes de que se dite resolución a favor dos aspirantes que vaian ser contratados temporalmente.

a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houberse estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Ser desempleado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoa demandante non ocupada.

f) Figurar na listaxe de candidatos remitidos pola Oficina de Emprego Pontevedra-Bisbarra.

g) Terán preferencia:





Concello de Vilaboa

- Persoas en desemprego de longa duración.
- Mulleres con baixa cualificación.
- Persoas candidatas maiores de 45 anos.
- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación.
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego.
- Víctimas de violencia de xénero.
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo.
- Persoas candidatas con niveis de renda máis baixos

7.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

7.1. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.-

O Tribunal de selección estará integrado por 5 empregados públicos

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde-Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á función convocada.

Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ao maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo.

Todos os membros do Tribunal terán voz e voto.

Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política ou o persoal eventual.

7.2.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores.

8.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso-oposición

8.1 OPOSICIÓN (máximo 6 puntos):

Consistirá na realización dalgunha proba práctica proposta polo tribunal directamente relacionada co desempeño do posto de traballo para o que veñan as persoas candidatas.

O prazo máximo de realización do exercicio será determinado polo tribunal.

Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a seis (6) puntos, sendo necesario obter polo menos tres (3) puntos para superar a proba.

8.2 CONCURSO (ata un máximo de 4 puntos)

-Persoas en desemprego de longa duración.....1,00 ptos.





Concello de Vilaboa

- Mulleres con baixa cualificación.....0,90 pts.
- Persoas candidatas maiores de 45 anos.....0,80 pts.
- Persoas mozas con baixa cualificación.....0,70 pts.
- Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65% ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego..... 0,60 pts.
- Vítimas de violencia de xénero.....0,50 pts.
- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo.....0,40 pts.

-Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa:

Sen rendas (ingresos = 0 € mensuais): 0,30 puntos.

Renda menor IPREM (600 € mensuais): 0,15 puntos.

Renda maior IPREM: 0 puntos.

Máximo: 0,30 puntos

Computaranse a estes efectos as persoas que non perciban ningún tipo de ingresos: o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as.

As circunstancias persoais acreditaranse:

- a) Persoas en desemprego de longa duración. (Certificado Servizo de Emprego).
- b) Mulleres con baixa cualificación. (Declaración xurada de nivel de estudos. Anexo II).
- c) Persoas candidatas maiores de 45 anos. (NIF, NIE)
- d) Persoas mozas (menores de 30 anos) con baixa cualificación (Declaración xurada de nivel de estudos Anexo II)
- e) Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65% ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego. (Certificado acreditativo).
- f) Vítima de violencia de xénero (Sentencia Xudicial ou Informe de Servizos Sociais).
- g) Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo. (Certificado Familia Monoparental)
- h) Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa. (Declaración Xurada. Anexo II)

Salvo oposición expresa do interesado, o Concello poderá comprobar a acreditación de tales circunstancias de acordo coa documentación elaborada e obrante na Administración (artigo 28.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro).

No caso de empate entre aspirantes terán preferencia os que maior puntuación obteñan na proba práctica e, se persiste os que maior puntuación obteñan na fase de concurso.

En caso de persistir decidirá a maior puntuación nos seguintes criterios por orde de preferencia:

- Persoas en desemprego de longa duración
- Mulleres con baixa cualificación
- Persoas candidatas maiores de 45 anos





Concello de Vilaboa

- Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación
 - Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65% ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego
 - Víctimas de violencia de xénero
 - Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo
 - Persoas candidatas con niveis de renda máis baixa

9.- MODO DE ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS:

A) Documentación acreditativa dos méritos:

Os candidatos convocados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, deberán presentar os seus méritos con data límite a data que estableza a citación da Oficina de Emprego, no Concello de Vilaboa, coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/función que se convoca, mediante:

- DNI

- Os relacionados no apartado anterior.

Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

10.- PROPOSTA DE SELECCIÓN

O presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante o Alcalde- Presidente do Concello, sen que esta poida superar o número de postos. A devandita proposta publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Vilaboa e na sede electrónica do Concello de Vilaboa <https://vilaboa.sedelectronica.es>

O Tribunal establecerá a orde do resto de aspirantes que non foron seleccionados .

No obstante o anterior, sempre que os órganos de selección propuxeran a resolución do proceso selectivo a favor de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, e despois da contratación o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos,

No caso de renuncia expresa á contratación por parte dos candidatos seleccionados procederase á contratación do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida na mesma





Concello de Vilaboa

No caso de vacante in fine sobrevida, o Concello optará entre deixala vacante ou realizar novo chamamento conforme á orde de prelación das persoas non seleccionadas

11.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Vilaboa a seguinte documentación no seguinte día hábil ao da notificación.

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- d) Acreditación de ser desempregado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia (tarxeta de demandante de emprego ou certificado do Servizo Público de Emprego).
- f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria
- g) Autorización ao Concello de Vilaboa para comprobar ou verificar os datos aportados nos apartados anteriores.

Salvo causa xustificada, a non presentación da documentación equivale á renuncia á praza.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

12.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos, o Alcalde- Presidente resolverá o procedemento selectivo, decidindo a contratación.

A non presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

13.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na seguinte normativa:

- Bases Reguladoras Plan Mais Provincia Liña 3 activación do emprego 2025 BOPPO 02/01/2025
- Lei 7/85
- RDL 781/1986
- RDL 5/2015
- Lei 5/1997
- Lei 2/2015





Concello de Vilaboa

- Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común
- Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público

14.- RECURSOS.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Vilaboa, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

Vilaboa, 17 de febreiro de 2025
O alcalde,

Cesar Poza Gonzalez





Concello de Vilaboa

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D. N.I.F. nº..... con domicilio en:.....
C.P.....Poboación – Concello.....Data Nacemento.....
Teléfono de contacto.....Correo electrónico.....

Interesado no concurso-oposición convocado para cubrir un posto de _____, mediante dun contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, polo Concello de Vilaboa, ante o Sr. Alcalde, comparece e,

EXPÓN:

1. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen a convocatoria.
2. Que aporta copia do NIF ou documento de identificación equivalente e, no seu caso, documentación para a valoración dos méritos alegados.
3. Que se compromete a aportar no seu día (no caso de ser un aspirante aprobado) os documentos acreditativos de reunir as condicións establecidas na base décimo primeira.

E por todo isto,

SOLICITA:

Ser admitido ao concurso de méritos convocado para cubrir mediante contrato laboral de duración determinada dun posto convocado polo Concello de Vilaboa.

Pola presente autorizo ao Concello de Vilaboa para obter os datos necesarios que acrediten os méritos alegados no procedemento ao abeiro do artigo 28.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Vilaboa, a ____ de _____ de 2025

O/a Interesado/a





Concello de Vilaboa

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA

Nome e apelidos: _____

NIF/NIE: _____

Enderezo: _____

Teléfono: _____ Correo electrónico: _____

DECLARO (Marcar cun “X”):

1º Nivel de estudos (os máis altos): _____

2º Que teño unha discapacidade:

SI (Necesaria acreditación)

NON

3º Que son vítima de violencia xénero:

SI (Necesaria acreditación)

NON

4º Que son familia monoparental:

SI (Necesaria acreditación) *Certificado de Familia Monoparental*

NON

5º Que de acordo co especificado nas Bases, no mes de xaneiro **de 2025**, percibín os seguintes ingresos mensuais _____ euros

Nome e Apelidos	Parentesco	Idade	Ingresos	Discapacidade

Vilaboa a _____ de _____ de 2025

